

MARZO DE 2022 | EDICIÓN N.º1

DIARIO DE NÓS

SÓLO EN DIARIO DE NÓS

NO SEGUINTE NÚMERO

TERRA

TANXUNGUEIRAS
CHEGA A NÓS
PARA O DIA DA
PAZ COA VERSIÓN
EN LGS

*ENTROIDO:
ORGULLO
CHOQUEIRO*

ORGULLO DE NÓS

FINCA TENREIRO
COMO PATRIMONIO
HISTÓRICO CULTURAL

ANGÉLICA DASS

PROXECTO
HUMANANE a súa
reflexión acerca do
cor da pel

JUANA DE VEGA

Balbordo de BiblioNovas

Cantas cousas poden suceder nun trimestre?

Demasiadas! Tantas que non podemos dar conta de todas neste voceiro pero con moito agarimo deixamos algunha mostra.



A reapertura da biblio


Non sen esforzo, a biblio volve ao seu lugar, cunha esgotadora mudanza (outra vez) e re-distribución abrimos as portas de BiblioNós, lugar que agocha milleiros de ideas, aventuras e experiencias dispostas a ser vividas e coa ilusión de ser o centro neurálxico da nosa escola. Co novo recuncho fedelleiro e constante crecemento e moitos novos títulos.



A mascota

Ademáis, para esta nova etapa convocamos un certame de mascotas cunha enorme participación que non podemos parar de agradecer. As obras finalistas foron escollidas e moi pronto teremos mascota para representar á nosa biblio!





A radio

Xa o curso pasado arrincou con forza a nosa radio, un espazo no que demostráchedes que tedes moito que contar cos radio-teatros, radio-emociona, entrevistas e proxectos que veñen, así coma os diarios das etapas da "viaxe" que está a realizar 6º. Bravo! Non deixedes de escoitarnos!



O Proxecto Documental Integrado: ORGULLO DE MIN ORGULLO DE NÓS

O proxecto sobre o que xiramos este curso non para de medrar e non podemos estar máis felices.

Temos as casiñas e familias diversas creadas con inspiración no conto "El barrio de colores", as charlas, debates e traballos "orgullo das nosas capacidades", os murais e accións educativas en torno ao "orgullo das nosas cores de pel", o "orgullo da nosa lingua", proxectos de cinema e outras artes e moito máis que está por vir neste curso fondamente inclusivo, visible, diverso e orgulloso.



O que está por vir

Quedan moitas cousas por contar e moitas que están por vir así que noraboa a tod@s, sempre adiante!



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Non hai fronteiras!



SAMAÍN CHEGA A NÓS

O CEIP JUANA DE VEGA CONVÉRTESE NUN
APARCADOIRO DE VASOIRAS.

Coa chegada de Samaín, o alumnado de Nós emprega a súa creatividade e inxenio para crear vasoiras con material de refugallo deixando a pasarela do centro chea de maxia. MOITAS GRAZAS!



CONJURO INVENTADO POR 6 B E1

PARA POR TARDE SER EN
AL QUE TOMARSE
TOSTADAS CON MIEL
SOPLAR UNA PELUSA
Y RESPIRAR
COMO UNA MUSA
BAILAR COMO UN ABURBUJA
Y CONVERTIRSE
EN UNABRILIA
NAMARITARI MABEB
CONVIERTETE EN UN TIA BUENO



O Alumnado de 6º B de Educación Infantil fixo este
terrorífico conxuro para Samáin.
NORABOA!



OS LABREGOS DE INFANTIL

A HORTA ESCOLAR

Comezamos con bo tempo a horta escolar, así que os máis pequenos aproveitaron para encher os bancais de novas hortalizas: ceboliñas, chícharos, remolachas e unha lombarda.

Ademáis, continuamos co coidado das nosas plantiñas, entresacando herbiñas, pedras e mesmo botando fertilizante de cabalo para que medren sans e fortes.

A hortiña da Xoaniña vai tomando forma e conta con gran variedade de productos (a parte dos mencionados anteriormente): verzas, repolos, allos, faballóns, brócoli, espinacas, acelgas, leitugas, escarolas, nabizas, patacas, raviños, cenorias e amorodos.





PROXECTO ERASMUS+

INTERCAMBIO DE POSTAIS CON ITALIA

**A GREAT TREASURE: OUR
FANTASTIC CULTURAL
HERITAGE!**

**UN GRAN TESOURO: A NOSA
FANTÁSTICA HERDANZA
CULTURAL**

Alumnado de Italia, Grecia, Turquía, Polonia, Rumanía e España participan neste interesante proxecto no que compartimos tradicións populares do noso país.

Unha das actividades foi o intercambio de postais de Nadal co alumnado de segundo de Primaria da cidade de Roma!






PROXECTO VOLCÁN CUMBRE VIEJA

VIDEOCONFERENCIA LA PALMA

O alumnado de segundo de primaria tivo a oportunidade de facer unha videoconferencia cunha alumna que cursaba segundo de Primaria na illa da Palma e contóunos a súa experiencia e como estaba vivindo o ruxir do volcán.





INFANTIL VIAXA A ANTÁRTIDA

CONTACONTOS



O ALUMNADO DE 4º DE
EDUCACIÓN INFANTIL VIVE
UNHA EXPERIENCIA
FASCINANTE!



OS NENOS/AS ESTÁN A
INVESTIGAR SOBRE AS AVES
QUE VIVEN NA ANTÁRTIDA E
PUIDERON GOZAR DA
EXPERIENCIA A TRAVÉS DUN
CONTACONTOS TRÉMOLA
TEATRO XESTIONADO POLA
ANPA NÓS.



25N



O CEIP JUANA DE VEGA SINTE ORGULLO DELAS

Para conmemorar o 25N o alumnado do Ceip Juana de Vega investiga a mulleres influentes do mundo.

Vestimos os corredores coas súas historias que tanto inspiran a nosa vida.



CONCERTO PAKOLAS

O Nadal este ano comezou no cole con moito Rock & Roll que nos trouxeron Pakolas e a súa guitarra !!!

